

Musicantes xorde pola inquedanza dos seus membros, buscando afondar no estudo e interpretación da música medieval e do comezo do Renacemento.

Entre os seus concertos cabe destacar os realizados no Festival Clásicos en Verano, no Festival de Música Medieval de Alarcos, no Ciclo de Música y Patrimonio de Teruel, nas Jornadas Medievales de Oropesa, no Festival de Música Antigua y Sacra de Getafe, no Ciclo de Música Antiga nas Ruínas de San Domingos de Pontevedra, no castelo dos Mendoza de Manzanares El Real e no Festival de Plectro de Alcalá de Henares.

Os instrumentos utilizados (cítola, laúde medieval, laúde árabe, rabel, salterio, chicotén, percusión, frautas, gaitas, chirimía, viola de roda e fídula) son reproducións de instrumentos orixinais da época, inspirados na iconografía existente no noso país, coma o Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela, a táboa dos irmáns Serra do Museo de Arte de Cataluña, miniaturas das *Cantigas de Santa María*, frescos da parroquia de San Esteban de Sos del Rey Católico (Zaragoza), etc.

Os seus compoñentes contan cunha abondosa experiencia no campo da música antiga e colaboraron con artistas coma Eduardo Paniagua, Ana Alcaide, Kaléndula, Judit Cohen, Anxo Carril, Eliseo Parra, Klezmer Sefardí, o Grupo Nuba, etc.

O seu repertorio abrangue desde o século XIII ó XV (música monódica da Idade Media, polifonía do Ars nova e comezo do Renacemento) e está formado polas *Cantigas de Santa María*, o *Llibre Vermell de Monserrat*, danzas francesas, inglesas e italianas, estampidas, saltarellos, lamentos, música sefardí e andalusí, etc.

Xurxo Ordóñez (frautas, gaitas, chicotén e chirimía)

Milena Fuentes (fídula e viola)

Jaime del Amo (cítola, laúde, gaiterna, viola de roda e dirección)

Wafir Shaikheldin (tambor, pandeiro, tar, darbuka, cascabeis, etc.)

Colaboración especial:

Merche Trujillo (voz, percusión)

Síguenos en:
www.musicantes.net

CANTIGAS DE AMIGO (s. XIII)

Ondas do mar de Vigo (CMM 1) Martín Códax

CANTIGAS DE SANTA MARÍA (s. XIII)

A madre do que livrou (CSM 4)

A que por muy gran fermosura (CSM 384)

Da que Deus mamou (CSM 77)

LLIBRE VERMELL DE MONTSERRAT (s. XIV)

Maria Matrem

CANTIGAS DE AMIGO (s. XIII)

Mandad'ei comigo (CMM 2) Martín Códax

CANTIGAS DE SANTA MARÍA (s. XIII). Anónimo

Ben sab'a que pod'e val (CSM 179)

Quena virgen ben servirá (CSM 103)

MÚSICA ANDALUSÍ (s. XIII). Anónimo

Zarani

CANTIGAS DE SANTA MARÍA (s. XIII)

Quen os pecadores (CSM 227)

Sen calar nen tardar (CSM 380)

MÚSICA SEFARDÍ (s. XIII)

Hija mía mi querida

Avrix mi galanica

LAUDARIO DI CORTONA (s. XIV)

Voi ch'amate lo criatore

Laude Novella



Deputación
Pontevedra



Noites de Música Antiga nas Ruínas de San Domingos

VII edición, 2015

■ Sábado 4 de xullo, ás 22:00 h

Ensemble Musicantes
Ondas do mar de Vigo

Música da Baixa Idade Media

www.depo.es
www.museo.depo.es



facebook.com/MuseoPontevedra



twitter.com/depo_es

Depósito Legal: PO 400-2015



Museo de Pontevedra

MUSEO DE PONTEVEDRA. CLAUSTRO DO EDIFICIO SARMIENTO
(Entrada pola rúa Padre Amoedo, 3)